

Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA

_____, maior de idade, con DNI nº _____ e enderezo a efectos de notificación en _____, perante esta consellería comparezo, e aos efectos oportunos

EXPOÑO

Que por medio do presente escrito veño a formular ALEGACIÓNS contra o PROXECTO DE DECRETO DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 10/2.013 DE 27 DE NOVEMBRO DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA, no relativo á tramitación da Renda de Inclusión Social e das axudas de inclusión social.

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA-. Natureza (artigo 2)

Propoñemos a creación dun novo dereito que supere a política vixente prestacións e axudas sociais que non eliminan nin o empobrecemento nin a desigualdade. Fronte a isto propoñemos un novo dereito: a Renda Básica das iguais que garanta, xunto a outras medidas, unha vida digna para todas as persoas. Na transición cara ese novo dereito propoñemos unha serie de medidas de urxencia que detallamos nos seguintes puntos.

SEGUNDA-. Contía (artigo 22)

Proponse o **aumento significativo da contía da RISGA**, en todos os tramos, de tal xeito que a **contía final mensual a percibir non sexa inferior aos 890 €/mes por persoa** (metade da renda per cápita da Galiza, dividida entre todas as persoas residentes no país).

Así mesmo, substitúese a referencia que se fai ao longo de todo o Decreto ao IPREM (que leva 6 anos conxelado) polo SMI.

TERCEIRA-. Migrantes (artigos 11 e 13)

Elimínase como requisito de acceso á RISGA o da residencia legal para os estranxeiros residentes na Galiza, comunitarios e non comunitarios. De tal maneira que a **mera residencia efectiva outorga o dereito á súa percepción**.

CUARTA-. Unidade de convivencia (artigo 10)

Substitúe o criterio de outorgar unha RISGA por unidade familiar ou domicilio, polo **dereito individual de toda persoa solicitante a percibila**, con independencia de con quen teña constituída esa unidade convivencial.

QUINTA-. Compatibilidade (artigo 16)

Establécese a compatibilidade da percepción da RISGA -mentres non se refundan todas nun único dereito- coas distintas prestacións ou subsidios públicos, como por exemplo: PNC, RAI, subsidios por desemprego...

SEXTA-. Persoas obrigadas a prestar alimentos (artigo 19)

Elimínase a existencia de familiares con obriga legal de prestar alimentos como causa de denegación da RISGA.

SÉTIMA-. Tramitación (artigos 41 e ss.)

Elimínase a burocracia e atraso na solicitude e tramitación da RISGA.

A solicitude presentarase directamente na Consellería competente para resolver, eliminando pasos previos nos servizos comunitarios dos Concellos.

De tal xeito que se garanta unha resolución nun **prazo breve e eficaz**, que en todo caso, non poderá superar o mes dende a data da presentación da solicitude.

OITAVA-. Revisións e control (artigos 58 e seguintes)

Elimínase a existencia das revisións anuais (na tramitación e na esixencia de documentación), configurando o dereito a percepción da RISGA de maneira indefinida ate que non desaparezan as condicións que motivaron a súa concesión.

_____, _____ de xaneiro de 2018

Asinado